

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

UN 7,2% DOS RECÉN NACIDOS NO HOSPITAL CLÍNICO SON PREMATUROS E 46 BEBÉS NACERON CON MENOS DE 32 SEMANAS DE IDADE XESTACIONAL

- ***Grazas á creación do Banco de Leite e ás melloras tecnolóxicas, por primeira vez o Servizo de Neonatoloxía non rexistrou, no que levamos de ano, ningún caso de enterocolite necrosante, un indicador da calidade***
- ***Mañá se celebra o Día Mundial do Prematuro e o Servizo de Neonatoloxía da área sanitaria compostelá, seguindo co seu proceso de humanización, dá a coñecer o seu libro “Palabras que confortan”, dirixido a familiares dos que acaban de nacer e ingresan na UCI neonatal***

Santiago de Compostela, 16 novembro de 2020.- O Servizo de Neonatoloxía da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza súmase á celebración do Día Mundial do Prematuro que se conmemora cada 17 de novembro. Con tal motivo e continuando co seu proceso de humanización presenta un libro “*Palabras que confortan*” dirixido aos familiares dos recém nacidos (RN) que ingresan na UCI neonatal.

Segundo a doutora Luz Couce, xefa de servizo de Neonatoloxía, esta publicación está destinada “particularmente aos pais e nais dos grandes prematuros e inclúe cartas dos profesionais pero tamén, e sobre todo, dos pais e nais dos bebés que estiveron ingresados contando as súas vivencias e alentándoos para que estes momentos difíciles sexa máis soportables”. As ilustracións son froito da colaboración coa Fundación Andrea.

O número de prematuros que naceron no Hospital Clínico Universitario de Santiago permanece estable, 125 en total, o que supón o 7,2% dos RN, porcentaxe similar ao que sucede no resto de España. Sen embargo, o número de grandes prematuros que ingresan no servizo de Neonatoloxía aumentou, pois levan ingresados 46 RN con menos de 32 semanas de idade xestacional ou menores de 1.500 gramos. Esta é unha cifra xa lixeiramente superior á rexistrada a 31 de decembro de 2019 (40 RN)

Ata o momento no que levamos de ano houbo un total de 40 partos de xemelgos e 1 de trillizos.

Ningún caso este ano con enterocolite necrosante

A doutora Couce destaca “que este ano non tivemos ningún caso de enterocolite necrosante, unha patoloxía intestinal grave que ten a nivel mundial unha prevaenza dun 8-10% de todos os RN grandes prematuros. Nesta gran noticia inflúe o noso Banco de Leite humano doador,

Gabinete de Comunicación e Imaxe
Área Sanitaria de Santiago de Compostela
Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago
<http://axisantiago.sergas.es>
<http://www.fidisantiago.es>
981 950 023 / 629 25 37 54 / 981 950 967 / 629 932 323
Hospital Clínico.Travesía da Choupana s/n
Santiago de Compostela 15706

 @santiagosergas

 @santiago.sergas

 (@fidis_santiago)

 @FIDIS.Santiago



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
“Unha maneira de facer Europa”

FONDO SOCIAL EUROPEO
“O FSE inviste no teu futuro”

UNIÓN EUROPEA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xa que o leite materno é un factor protector por esta enfermidade. Tamén inflúe as melloras tecnolóxicas das que se beneficiou o servizo”.

O servizo de Neonatoloxía conta cunha Unidade de Referencia a nivel nacional para Enfermidades Metabólicas Conxénitas (CSUR) e unha Unidade de Referencia Autónoma para hipotermia neonatal activa. No 2016 comeza a funcionar o Banco de Leite Humano doado, que é referencia para outros hospitais das provincias da Coruña e Lugo. Recentemente recibiu a acreditación 2D pola norma internacional da OMS e UNICEF na Iniciativa para a Humanización da Asistencia ao Nacemento e Lactación (IHAN).

Ten unha dotación de 35 camas das que 9 son de UCI Neonatal e 10 de coidados Intermedios de Alta Complexidade na que prestan os seus servizos 56 profesionais sanitarios. Conta con todo tipo de técnicas diagnósticas e terapéuticas necesarias na práctica da neonatoloxía avanzada: ventilación alta frecuencia, óxido nítrico, hipotermia activa, monitorización de función cerebral, hemofiltración e outras técnicas de diálise. Realízase, cando é preciso, cirurxía na UCI neonatal.

SAÚDOS

Gabinete de Comunicación e Imaxe
Área Sanitaria de Santiago de Compostela
Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago
<http://xisantiago.sergas.es>
<http://www.fidisantiago.es>
981 950 023 / 629 25 37 54 / 981 950 967 / 629 932 323
Hospital Clínico.Travesía da Choupana s/n
Santiago de Compostela 15706

 [@santiagosergas](https://twitter.com/santiagosergas)

 [@santiago.sergas](https://www.facebook.com/santiago.sergas)

 [@fidis_santiago](https://twitter.com/fidis_santiago)

 [@FIDIS.Santiago](https://www.facebook.com/FIDIS.Santiago)



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA